


"Unha das cousas máis afortunadas que che pode suceder na vida é ter unha infancia feliz"
Agatha christie



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia,
Rúa de Dublín nº 6, Santiago de Compostela
www.traballosocial.gal



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COMISIÓN DE INFANCIA E FAMILIA

DECÁLOGO DA PROTECCIÓN DE
MENORES DE GALICIA

Decálogo da protección de menores de Galicia

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, a través da súa Comisión de Infancia e Familia -integrada por traballadores/as sociais de distintos ámbitos de actuación- vén de crear un decálogo co fin de visibilizar as eivas detectadas na diagnose e así poder analizar cales son as propostas de mellora máis axeitadas. O decálogo manifesta os seguintes puntos, sobre os que enfocar as principais liñas de actuación

1. Ausencia dunha política clara de protección a infancia e a familia

A ausencia dunha política clara de protección a infancia e a familia tradúcese na inexistencia de políticas favorecedoras e participación real da persoa menor e da defensa dos seus intereses. Fallan aspectos básicos como a saúde ou educativo.

2. Déficits moi graves na política social

Ausencia de procedementos, planificación e coordinación nos distintos niveis de intervención.

3. Asistencialismo que mantén a marxe a prevención e a intervención social no ámbito comunitario

As atencións adoitan ser puntuais e emerxentes, sen unha política de prevención duradeira.

4. Infradotación

Infradotación de recursos humanos e materiais con ratios insuficientes e perfís técnicos non especializados.

5. Desprevencción

Desprevencción e falta de intervención especializada no ámbito comunitario.

6. Unificar directrices

Organización homoxénea das catro provincias, nos protocolos, criterios e indicadores de actuación e avaliación dentro do respecto ás persoas como individuos, as casuísticas das persoas menores, adolescentes e das familias, así coma a contorna demográfica, económica e social no que se atopan.

7. Participación efectiva da persoa menor

Procurar que as persoas menores sexan os protagonistas das súas historias evitando tomas de decisións unicamente dende a perspectiva adultocentrista

8. Externalización

Proceso habitual de externalización dos servizos públicos, incumprindo deste xeito as competencias en protección pública e dificultando o traballo de enfoque común e coordinado.

9. Alarmante estado dos servizos e equipamentos no caso dos centros de protección ou reforma

As instalacións en moitas ocasións son desaxeitadas para intervencións con persoas menores e adolescentes.

10. Inacción

Inacción ante moitas situacións moi graves e urxentes por falta de recursos. Alto volume de contratos temporais, falta de rotación dos equipos para previr o Síndrome de Burnout.